**Cómo baixar a radio á túa computadora.**

Esta radio (ou *podcast) pódese escoitar na mesma web en streaming ou descargarse na computadora. Se optas por isto, poderás escoitala sen ter que esperar a que cargue a emisión en internet. Ademáis poderás pasala a calquera dispositivo externo (reproductor de mp3, mp4,etc) e levala onde queiras.
Os podcasts, por definición, son arquivos de audio (xeralmente en formato mp3 ou aac) que se distribúen mediante un arquivo RSS que permite suscribirse en combinación co uso dun programa que descarga o arquivo. Deste xeito, o usuario pode escoitar a emisión cando lle pete, empregando normalmente un reproductor portátil.
Para descargar o programa tes varias opcións: a maís sinxela, premendo directamente no episodio que queiras escoitar (a lista de arquivos está na mesma páxina onde está a radio).
A segunda opción e empregando o programa **Itunes** que che permite, mediante subscripción por RSS, descargar os episodios automáticamente sin ter que ir ti a buscalos á páxina web. É moi sinxelo. Se non o tes, primeiro baíxate o programa de Itunes dende este enderezo (http://www.apple.com/es/itunes/download/ )e segue as instruccións.

Logo volta á nosa páxina web e preme en GET PODCAST:




Preme no botón de Itunes




Abrirase o programa e a descarga comezará de inmediato.

Por último, tamén podes facer que se che mande por email unha alerta cada vez que se actualice o programa. Para elo preme en GET PODCAST e logo deixa o teu email onde pon "Get podcast by email". Nesa alerta de actualización xa che vai unha ligazón para descargar o programa.

*O termo de **podcast** orixinouse o 12 de febreiro de 2004 pola combinación de broadcasting co reprodutor de Apple Computer, iPod




Se tes calquera duda, estamos para atendervos neste enderezo:

http://eoiferrol.org/alumnosbuzon.htm

.